

ESCOLA DA VIDA

Premios e máis premios

23.10.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Moitas entidades aproveitan o final do ano para pechalo dándolle algún premio a alguén que o mereza. Esta semana, segundo parece, foi a dos premios dos políticos. O presidente do Goberno español sacou nesta convocatoria premios para todos os gustos e foron tamén moitos os agraciados.

Por un lado, están os de *ascenso*. Nesta categoría atópase o novo vicepresidente e xa ministro do Interior Alfredo Pérez Rubalcaba. Outros tamén ascenderon pero non saíron na foto, como José Blanco que adquiriu Vivenda sen deixar de ser ministro de Fomento.

A segunda categoría -que non premios de segunda categoría- son os de *xa era hora*. Neste chamamento recaeron en Ramón Jáuregui, quen, despois de facer todo o posible por ser lendakari, tivo que dar unha volta pola Unión Europea para acabar sendo ministro da Presidencia. Tamén está neste grao Trinidad Jiménez, quen parece estar a xogar ao xogo da oca, pois primeiro vai de secretaria de Estado para Hispanoamérica, despois, tira porque lle toca, eponse na casiña de ministra de Sanidade, Política Social, e logo tíranlle os dados por ela, e como non a conseguen pasar á casiña da ponte ao concello de Madrid, trasládana ao Ministerio de Asuntos Exteriores.

Por último, están os premios a *deixarse querer*. Os seus galardoados nesta ocasión foron: Valeriano Gómez, quen pasa de traballar para os sindicatos a traballar para os políticos, e onde mellor ca en Traballo? (ou quizais deberíamos dicir peor? porque coa que está caendo vaille ser un óso duro de roer). A segunda agraciada é Rosa Aguilar, quen pasou de ser a alcaldesa vermella de Córdoba á conselleira da *rosav* da Comunidade andaluza. E agora, con tantas rosas, fíxose ministra de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño. A ver se de tantos medios produce algo enteiro. E a última é Leire Pajín, a moza que sempre se deixou querer, e a que sempre viu con moi bos ollos a Zapatero, senón como alguén podería dicir do presidente que "ve histórico" para o Planeta que el e Obama lideren o mundo ao mesmo tempo?

Deséxolles o mellor. Porque canto mellor lles vaía a eles nas súas competencias profesionais, tamén mellor nos debería ir a todos nós. Creo ben que merecemos todos que nos toque tamén algún premio algunha vez..